

RÉXIME DE DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA TRANSITORIO DE RECOÑECIMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA ADMINISTRATIVA DO PERSOAL TÉCNICO, DE XESTION E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), recolleu no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á progresión na carreira profesional, mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación. No seu artigo 17 remítese ás leis de función pública, en desenvolvemento do dito estatuto, para regular a carreira horizontal dos funcionarios de carreira, mediante un sistema de graos, categorías ou chanzos de ascensos, que reflecta a valoración da traxectoria e actuación profesional, a calidade dos traballos realizados, os coñecementos adquiridos e o resultado da avaliación do desempeño, entre outros.

A Lei 2/2025, do 29 de abril do emprego público de Galicia regulou as modalidades de carreira profesional no capítulo II do título V mencionando a carreira horizontal como o sistema de ascenso de grado e categoría profesional, sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo aos principios recollidos na propia lei, sendo requisitos necesarios, antigüidade e avaliación positiva do desempeño profesional, entre outros méritos.

A disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril recolle un sistema transitorio en tanto non se desenvolva regulamentariamente o sistema definitivo de carreira horizontal, mantendo o grao persoal recoñecido que corresponda a cada un dos trinta niveis e as retribucións vencelladas ao mesmo.

Malia o determinado anteriormente, o parágrafo 4 da dita disposición, abre a posibilidade de establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nela, no que se determinen os graos, requisitos e aspectos da avaliación, que permita ao persoal funcionario en activo progresar de xeito voluntario e individualizado e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional ao que poderá serlle recoñecido unha retribución adicional ao complemento de destino que remunere a progresión acadada.

Tralo proceso de funcionarización do persoal laboral levado a cabo na Universidade de Vigo, o colectivo PTXAs queda encadrado nas correspondentes escalas e subescalas de persoal funcionario. Asemade os procesos de estabilización do persoal implicaron a toma de posesión como persoal funcionario.

A Universidade de Vigo aínda non implantou nin o sistema de carreira profesional, nin ningún das posibilidades que ofrece o réxime transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa. O desenvolvemento da primeira implica o deseño do sistema de avaliación sobre o cal aínda queda por constituír os grupos de traballo e reflexión que permitan unha acaída

negociación sobre a materia. Cómpre, xa que logo, como dereito dos profesionais adiantar a incorporación a ese sistema de recoñecemento da progresión profesional mediante a regulación deste sistema transitorio que con posterioridade deberá ter a súa respectiva translación ao sistema que se desenvolva en aplicación do artigo 77 da Lei 2/2015, do 29 de abril

O presente acordo.....

Artigo 1º. Obxecto

O obxecto de este acordo é establecer o marco regulatorio do sistema transitorio de recoñecemento do grao de progresión na carreira administrativa do persoal funcionario ligado ao tempo de servicios prestados e ao recoñecemento da pericia profesional acumulada, baseado na avaliación da traxectoria e actuación profesional, os coñecementos adquiridos, a formación, a experiencia xunto coa iniciativa e participación na mellora da calidade, das persoas traballadoras do colectivo persoal técnico, de xestión e de administración e servizos(en adiante PTXAS) da Universidade de Vigo.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación

O presente acordo será de aplicación ao persoal funcionario de carreira e persoal funcionario interino do colectivo PTXAS, que se atope en activo ou situación asimilada a activo ou calquera situación administrativa que supoña reserva de praza na Universidade de Vigo.

Artigo 3º. Elementos do grao

O recoñecemento do grao transitorio de progresión na carreira administrativa estará integrado por dous compoñentes de nivel que poderán ser recoñecidos de xeito independente, de tal forma que produzan efectos económicos para cada un dos niveis recoñecidos.

- a) Compoñente de nivel de grupo ou subgrupo, relativo á experiencia no grupo/subgrupo profesional de pertenza para o desempeño dos postos que lle son reservados na organización
- b) Compoñente de grao persoal, relativo á madurez do profesional no marco do itinerario profesional ligado á permanencia no grao persoal recoñecido en función do nivel dos postos de traballo desempeñados

Artigo 4º. Requisitos xerais de acceso

O persoal incluído no ámbito de aplicación deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ostentar a condición de persoal das escalas/subescalas de PTXAS da Universidade de Vigo na data da solicitude e estar en situación de activo ou asimilada, ou en calquera situación administrativa que supoña reserva de praza e acreditar unha antigüidade de cinco anos na Universidade de Vigo.

- b) Acreditar a pertenza ao grupo/subgrupo profesional, para o compoñente de subgrupo
- c) Ter consolidado o grao persoal para o recoñecemento do compoñente de nivel ao que se pretende acceder. Ao persoal interino e aquel que non tivera recoñecido grao persoal poderá acceder ao recoñecemento do compoñente no nivel máis baixo, no grupo/subgrupo da correspondente escala/subescala.
- d) Non ter sido obxecto de sanción disciplinaria ou, de ter sido sancionado, acreditar a súa cancelación de conformidade co establecido na lei.
- e) Cumprimento mínimo dos requisitos específicos.

Os períodos de servizos prestados como persoal laboral fixo ou temporal das categorías do Convenio Colectivo equipararanse cos grupos/subgrupos e niveis do persoal funcionario da respectiva escala e subescala de homologación contempladas no Acordo de funcionarización.

Artigo 5º. Requisitos específicos de acceso transitorio ao grao I

Para o acceso ao grao I do réxime transitorio os interesados deberán reunir algún dos seguintes méritos:

- a) Formación recibida: Acreditar a asistencia e, no seu caso, a superación a cursos de formación organizados e impartidos por escolas, centros ou organismos oficiais, cursos ofertados no marco dos acordos de formación para o emprego das administracións públicas e cursos impartidos ou organizacións sindicais, sempre que estean homologados por organismos oficiais. Os cursos de galego, ou a formación en linguas estranxeiras tamén computarán sempre que sexan dun nivel superior ao esixido para o acceso ao posto. (para os idiomas pódese usar a referencia do MCER)
Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares, nin as materias (créditos) que formaren parte dunha titulación académica. Tampouco se valorará módulos separados dun determinado curso.
A suma das horas de formación debe acadar un mínimo de 40 horas para ser valorado o cumprimento do requisito.
- b) Formación impartida: Acreditar ter impartido formación en actividades de formación organizadas e impartidas por escolas, centros ou organismos oficiais, ou ofertadas no marco dos acordos de formación para o emprego das administracións públicas e cursos impartidos ou organizacións sindicais, sempre que estean homologados por organismos oficiais.
Non se valorará a participación en congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares, nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
A suma das horas de formación debe acadar un mínimo de 20 horas para ser valorado o cumprimento do requisito
- c) Participación en órganos colexiados, órganos de goberno, órganos de representación dos traballadores, durante un período de alomenos tres anos.
- d) Desempeño de funcións de dirección de área ou de equipo de goberno ou de equipo xerencial, membros da Xunta de Persoal ou liberados sindicais, durante alomenos tres anos

- e) Publicacións de traballos científicos ou de investigación en materia de Administración Pública, sempre e cando non sexan teses de doutoramento
- f) Realización dos cursos de doutoramento ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora, obtención do diploma de estudos avanzados, título de doutor, mestrado universitario oficial ou mestrado universitario-título propio, experto universitario ou especialista universitario
Tamén se terá en conta unha titulación universitaria (grado, licenciatura, diplomatura ou equivalentes) superior á requirida para o acceso ao grupo profesional de pertenza ou, inda do mesmo nivel da requirida, constitúa unha segunda titulación
- g) Participación como membro de comisións de selección ou tribunais, ou comisións de procesos de provisión ou membros de comisións ou comités para a implantación de proxectos.
- h) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillo e familiares ou nunha situación na que a persoa empregada pública, estando exenta de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público de carácter representativo tales como: programas de cooperación internacional, membro do Goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, despensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatuarios da CC.AA. e en xeral, situación asimilada as anteriores.

Artigo 6º. Complemento retributivo

O recoñecemento do grao I que se regula no presente acordo implicará o dereito a percibir unha retribución complementaria, denominada complemento adicional ao complemento de destino (Adicional C.D.) cuxa contía anual, incluído o IPC galego, devindicarse en atención aos niveis dos compoñentes recoñecidos, de conformidade coa seguinte táboa.

- a) Compoñente de grupo/subgrupo profesional

| Grupo/Subgrupo | Retribución |
|----------------|-------------|
| A1 | 1.394,70 € |
| A2 | 1.171,55 € |
| C1 | 500,10 € |
| C2 | 500,10 € |

b) Compoñente de grao persoal

| Nivel | Grao persoal | Retribución |
|-------|--------------|-------------|
| 5 | 28-30 | 1.475,54 € |
| 4 | 25-27 | 1.088,40 € |
| 3 | 23-24 | 945,92 € |
| 2 | 21-22 | 831,14 € |
| 1 | 18-20 | 731,63 € |

Cadro de complemento adicional

| GRAO I : COMPLEMENTO ADICIONAL AO C.D. | | | |
|--|------------------------------|---------------------|------------|
| Grao e compoñentes de recoñecemento | Compoñente de grupo/subgrupo | Compoñente de nivel | Total |
| Grao I A1-5 | 1.394,70 € | 1.475,54 € | 2.870,24 € |
| Grao I A1-4 | 1.394,70 € | 1.088,40 € | 2.483,10 € |
| Grao I A1-3 | 1.394,70 € | 945,92 € | 2.340,62 € |
| Grao I A1-2 | 1.394,70 € | 831,14 € | 2.225,84 € |
| Grao I A2-5 | 1.171,55 € | 1.475,54 € | 2.647,09 € |
| Grao I A2-4 | 1.171,55 € | 1.088,40 € | 2.259,95 € |
| Grao I A2-3 | 1.171,55 € | 945,92 € | 2.117,46 € |
| Grao I A2-2 | 1.171,55 € | 831,14 € | 2.002,69 € |
| Grao I A2-1 | 1.171,55 € | 731,63 € | 1.903,18 € |
| Grao I C1-4 | 500,10 € | 1.088,40 € | 1.588,50 € |
| Grao I C1-3 | 500,10 € | 945,92 € | 1.446,02 € |
| Grao I C1-2 | 500,10 € | 831,14 € | 1.331,24 € |
| Grao I C1-1 | 500,10 € | 731,63 € | 1.231,73 € |
| Grao I C2-2 | 500,10 € | 831,14 € | 1.331,24 € |
| Grao I C2-1 | 500,10 € | 731,63 € | 1.231,73 € |

Os efectos económicos do encadramento quedan suxeitos as disponibilidades orzamentarias. No último trimestre de 2026, negociarase a convocatoria para a solicitude de grao I e a súa aplicación.

Artigo 7º Procedemento para o recoñecemento do grao I e os seus compoñentes

O recoñecemento do grao I e os seus compoñentes realizarase previa solicitude do interesado, tras a convocatoria pública que realice a xerencia pola que se abra un prazo para a súa presentación. Aa convocatoria terá lugar no primeiro trimestre de 2027.

Os interesados deberán reunir os requisitos xerais e específicos de acceso e aportar a documentación que o xustifique, no prazo de presentación de instancias e mantelos ata a data de resolución. Non será preciso aportar documentación xustificativa respecto daqueles datos que obren no expediente persoal.

Artigo 8º. Comisión de seguimento

Constitúese unha Comisión de Seguimento integrada por un representante de cada unha das organizacións asinantes do presente acordo e un número igual de membros en representación da xerencia, que a presidirá.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- Interpretación do presente acordo
- Seguimento da súa aplicación
- Coñecer e informar sobre reclamacións contra as resolucións do grao I

Disposición adicional

No ano 2027 constituiranse os grupos de traballo para a definición do modelo definitivo de carreira profesional horizontal do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo, así como o modelo de avaliación do desempeño.

A carreira horizontal recollerá o sistema de integración ou homologación do grao de progresión recoñecido ao abeiro do presente acordo no sistema de carreira profesional que se acorde como definitivo.

Disposición final

Os prazos para a aplicación económica do presente acordo quedan, en todo caso, suxeitos ás disponibilidades orzamentarias.

CONTÍA DO COMPLEMENTO DE CARREIRA CO IPC (0.0038%)

(So a efectos informativos)

| RECOÑECEMENTO GRAO I. COMPOÑENTES DE GRUPO/SUBGRUPO E NIVEL | | | | |
|---|--------------------------------------|-----------------------------|------------|-------------|
| Niveis de recoñecemento | Compoñente de grupo/subgrupo con IPC | Compoñente de nivel con IPC | Total | TOTAL S/IPC |
| A1-5 | 1.400,00 € | 1.481,15 € | 2.881,15 € | 2.870,24 € |
| A1-4 | 1.400,00 € | 1.092,54 € | 2.492,54 € | 2.483,10 € |
| A1-3 | 1.400,00 € | 949,51 € | 2.349,51 € | 2.340,62 € |
| A1-2 | 1.400,00 € | 834,30 € | 2.234,30 € | 2.225,84 € |
| A2-5 | 1.176,00 € | 1.481,15 € | 2.657,15 € | 2.647,09 € |
| A2-4 | 1.176,00 € | 1.092,54 € | 2.268,54 € | 2.259,95 € |
| A2-3 | 1.176,00 € | 949,51 € | 2.125,51 € | 2.117,46 € |
| A2-2 | 1.176,00 € | 834,30 € | 2.010,30 € | 2.002,69 € |
| A2-1 | 1.176,00 € | 734,41 € | 1.910,41 € | 1.903,18 € |
| C1-4 | 502,00 € | 1.092,54 € | 1.594,54 € | 1.588,50 € |
| C1-3 | 502,00 € | 949,51 € | 1.451,51 € | 1.446,02 € |
| C1-2 | 502,00 € | 834,30 € | 1.336,30 € | 1.331,24 € |
| C1-1 | 502,00 € | 734,41 € | 1.236,41 € | 1.231,73 € |
| C2-2 | 502,00 € | 834,30 € | 1.336,30 € | 1.331,24 € |
| C2-1 | 502,00 € | 734,41 € | 1.236,41 € | 1.231,73 € |